

As actividades que se levarán a cabo as próximas semanas serán:

- Concurso de **Postais de Nadal**. A postal Gañadora será a elixida para que o centro felicite oficialmente o Nadal.



(Xoves 17)

- Visita ao CEIP O Grupo do **Paxe Real** encargado de recoller as cartas d@s alumn@s que foron b@s este ano.



(Luns 21)

- Visita ao centro do **Apalpador**, para apalparlles se comen ben deixarles uns agasallos e /ou unha presa de castañas.



(Martes 22)

- **Visita oficial das SSMM de Oriente**. Recepción protocolaria no Salón Real de tódal@s nen@s do noso colexio.



- As mestras de Relixión Católica organizaron varios **Beléns**, así como o xa tradicional **Belén Vivinte** ao que está invitado todo o que desexe cantar unha panxoliña.



... haberá mais sorpresas!


BOÁS FESTAS É BÓ NADAL

CEIP O GRUPO DESEXAVOS BÓ NADAL 2009-10




FAI A TUA FOLERPA DE NEVE MICROSCOPICA.


QUER É O APALPADOR?




Colle un folio, prégao para formar un **caдрado perfecto**. Corta o que sobra



Deixa as puntas abertas cara enriba. Marca liñas paralelas de abaixo ata a dobre liña central.



Recorta, coidando de non te pasares da dobre liña central. Para aforrar tempo corta varias xuntas





Os cortes deberán ser simétricos. Tódalas pezas levarán os mesmos cortes a dta. e esq.




Abrimos o cadrado. Pegamos con “celo” as puntas libres comezando polo centro.



A primeira polo centro pegámola por un lado, a segunda, dámoslle volta e polo outro...



Une tres figuras por unha punta. e os puntos centrais onde contactan unha coa outra figura. Logo une as dúas pezas de tres.



FAI UNHA E TRAINA AO COLEXIO PARA DECORALO!

O APALPADOR O “SANTA” GALEGO

O **Apalpador**, tamén coñecido polo nome de **Pandigueiro** é a figura mítica dun carboeiro que segundo a tradición o Nadal galego vive nas montañas do este de Galicia (O Courel, Terra de Trives, O Bierzo) e que baixa a noite do 25 de decembro a palparlle a barriga aos meniños para ver se comeron dabondo




durante o ano, deixándolles un montón de castañas, eventualmente algún regalo e desexándolles que teñan un ano novo cheo de felicidade e comida.

Parecese a outras tradicións europeas e do norte de España (Olentzero vasco e Esteru astur-cántabro) e probablemente a mesma orixe, pero que desgrazadamente en Galicia estaba practicamente esquecido.

CANTIGA DO APALPADOR

Hoxe é o día de Nadal, día do Noso Señor ide correndo á camiña que virá o Apalpador. Hoxe é o día de Nadal Vai meniño á camiña que virá o Apalpador palparche a barriguiña.



Modelo De Mans: Estefanía González Parada